

N

TURGALICIA
BOLETÍN DE NOTICIAS

Nº 162 17-23 XUÑO'08

Boletín electrónico semanal de **TURGALICIA**. Estrada Santiago Noia, Km. 3. 15896, Santiago de Compostela.



Se desexa recibir máis información gráfica ou escrita sobre as informacións contidas neste boletín envíenos un e-mail premendo o seguinte enlace:



ou pónase en contacto con nós no teléfono:

902 200 432

ou no fax:

981 542 659



www.turgalicia.es



Reservas



Ofertas



Publicacións



Noticias

Edita: **TURGALICIA**. Realización Boletín de Noticias: Imaxe Nova de Comunicación S.L. r/ Uruguai 2, 3º dereita, 36201, Vigo. Tel.: 986 221 835. Fax.: 986 437 141 email: imaxenova@imaxenova.com

TURISMO RURAL AO CARÓN DO MAR

TURGALICIA pon en marcha un programa que trata de aproveitar as sinerxias entre o Turismo Rural e o Turismo Mariñeiro de Galiza

A Sociedade de Imaxe e Promoción Turística de Galiza, **TURGALICIA**, está a pór en marcha unha nova campaña de promoción do Turismo Rural que aproveitará as sinerxias do Turismo Mariñeiro nas vilas costeiras de Galiza, nunha nova estratexia de promoción do Turismo Rural de Galiza que xa se ensaiou coa gastronomía e o Turismo activo.

O programa turístico aproveita así as iniciativas das confrarías de pescadores, baixo a rúbrica de Turismo Mariñeiro, para complementar a oferta turística das casas de Turismo Rural de Galiza que se atopan próximas ás zonas costeiras onde se desenvolven esas actividades mariñeiras.

Deste xeito, as confrarías ofrecen aos turistas a posibilidade de vivir unha xornada de pesca a bordo dos barcos que traballan nas Rías Baixas, coñecendo as experiencias e o traballo que realizan os mariñeiros, ou aproximarse aos bancos marisqueiros dos seus areais e recibir as explicacións de todo o relativo ao mundo do mar.

Na campaña participan 63 casas de Turismo Rural, espalladas por toda a costa atlántica galega, desde A Terra de Soneira ata a comarca de Vigo, que colaboran con "Pescanatur", "Guimatur" e "Mar de Lira", as tres organizacións que realizan as actividades do Turismo Mariñeiro.

Cada unha das casas dis-



As casas de Turismo Rural, perfecto complemento para os interesados no Turismo Mariñeiro.

porá de folletos informativos da campaña, editados en galego, castelán e inglés, e servirá como oficina de información turística para que os seus hóspedes coñezan o Turismo Mariñeiro como unha actividade complementaria do propio aloxamento rural.

A campaña tamén terá un espazo específico na páxina web de **TURGALICIA** (www.turgalicia.es), coas actividades que se realizan en Galiza relacionadas co Turismo Pesqueiro e Mariñeiro e unha completa información sobre os establecementos rurais que participan nesta iniciativa.

O novo programa de Turismo Rural é consecuencia da filosofía do Goberno galego de promoción e desenvolvemento deste subsector turístico baseada na creación e mellora da oferta complementaria, que deu como resultado as campañas "Outono gastronómico en Turismo Rural" e "Primavera activa".

O restaurante galego na Expo inaugúrouse con grande éxito de público

O restaurante do pavillón galego na Expo Zaragoza 2008 vén de superar a primeira fin de semana en funcionamento cun grande éxito en canto á afluencia de público, logo da inauguración deste evento o pasado sábado.

Este servizo, instalado e

mantido por **TURGALICIA** a través do Centro Superior de Hostelería de Galicia, ten por obxecto promover a gastronomía galega entre os visitantes que se achegan ao recinto da exposición.

Ao longo dos tres meses que durará este evento, o

restaurante galego servirá menús baseados no máis representativo da gastronomía galega para o que contará coa colaboración das principais asociacións gastronómicas de Galiza -Amigos da Cociña Galega, Rías Altas, Lareira e Xantares-.